

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Servizo de
Primaria

Orde do 10 de xuño de 2010, pola que se declaran aptos na fase de prácticas a opositores que superaron o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11).

TEXTO:

A Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11) pola que se convoca proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres e para adquiri-la habilitación en novas especialidades establece na súa base décimo terceira que os aspirantes que resulten seleccionados quedan obrigados a incorporarse aos destinos que a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos lles adxudique para a realización da fase de prácticas.

Pola Orde do 27 de xullo de 2009 (DOG do 25) nomeáronse funcionarios en prácticas do corpo de mestres aos opositores que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11).

Pola mesma orde nomeáronse funcionarias en prácticas a M^a Mercedes Toscano Liria e Matilde Requejo Castaño, seleccionadas no procedemento selectivo do ano 2008 que tiñan concedido o aprazamento da fase de prácticas.

Finalizada a fase de prácticas e vistas as propostas efectuadas polas comisións avaliadoras, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Primeiro.- Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente aos mestres seleccionados no procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11), agás dona Montserrat García García, por ter concedido o aprazamento da fase de prácticas.

Segundo.- Declarar aptas na fase de prácticas a Mercedes Toscano Liria e Matilde Requejo Castaño, que tiñan concedido o aprazamento da fase de prácticas, tendo superado o proceso selectivo, convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16).

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2010

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Jesús Vázquez Abad